



II MEMORIAL RAMÓN ESCUDEIRO TILVE

Do 4 ao 8 de decembro

Roldas 3 e 4. Crónica:

“Os Mestres Internacionais Juan Carlos Gil máis Pablo García lideran a proba con 3.5 puntos de catro posibles”

Nunha xélida mañá chegaban os xogadores dispostos a entregarse nunha das primeiras xornadas de rolda dobre. Cedo chegaban os “grandes erros”, partidas con vantaxes decisivas que se perdían, golpes tácticos omitidos. Unha concentración cálculo que non atopaban o seu sitio. Algo que a Ciencia explica cos biorritmos, cando os xogadores están afeitos á disputa das partidas en horario de tarde e de súpeto o teñen que facer pola mañá, ó organismo cústalle moito acadar os mesmos rendementos. Biorritmos ós que nin os propios Mestres escapan, tal e como o demostra os empates dos números un e dous, a priori, fronte a rivais inferiores.

Xa pola tarde tiñamos o primeiro choque entre os principais favoritos ó título, na primeira mesa o Mestre Internacional pontevedrés, Pablo García, dirixía as pezas negras fronte o que marchaba líder en solitario nese intre, o Mestre Manuel Pérez. Tras case cinco horas de xogo, Pablo acadaba romper a férrea apertura Inglesa do rival, vencendo nun final de torres e bispos cun peón de máis.

Na segunda mesa o Mestre Uruguaio, Daniel Rivera, cedía un novo empate fronte a Juan Sardina. Desta vez Daniel tivo que contentarse cunha nova vitoria do seu fillo que marcha a tan só medio punto do seu pai.

Tras catro roldas atopamos á fronte da clasificación ós Mestres Internacionais, Juan Carlos Gil máis Pablo García cunha vantaxe de medio punto sobre o grupo perseguidor. O que resulte vencedor no seu enfrontamento da quinta rolda cobrará unha boa renda de cara o triunfo final.

Digno de eloxio e o caso do francés Christian Fasting, a piques de chegar ós oitenta e pero cuns folgos que lle permitiron non só resistir a esgotadora rolda dobre, senón que ate foi quen de derrotar a un dos xogadores con ELO FIDE na partida da tarde.

No social hoxe foi protagonista a Escola Breogán de Xadrez, cunha visita de toda a súa canteira máis un nutrido grupo de pais e adestradores. Unha ocasión única para ver en directo xadrez de alto nivel e tamén para tirar algunha que outra foto cos Mestres Internacionais participantes.

O sábado disputarse a quinta rolda ás 10:00h e a sexta ás 17:00. Ámbalas dúas pódense seguir en directo e de balde, no Salón de Actos do Casino Mercantil, ou ben a través da páxina web oficial, www.xadrezpontevedra.com

Pablo García
Escola Xadrez de Pontevedra
pablogarcia@xadrezpontevedra.com
Tel. 646524394